



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Anuncio aprobación provisional derogación de mesas e cadeiras

ANUNCIO

Aprobación provisional da “Supresión da Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa e a derogación da Ordenanza Fiscal n.º 17 reguladora da mesma”.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2025, aprobou provisionalmente a “Supresión da Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa e a derogación da Ordenanza Fiscal n.º 17 reguladora da mesma”.

En cumprimento do disposto no artigo 17.1 e 2 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente nas dependencias municipais e presentar as reclamacións e/ou suxestións que estimen oportunas.

Así mesmo, dito anuncio publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste concello: <http://www.pontedeume.gal>

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co que se establece no artigo 17.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais procedéndose á publicación á que fai referencia o artigo 17.4 desta lei.

Pontedeume, 14 de maio de 2025

O Alcalde

Asdo. Bernardo Fernández Piñeiro

2025/3097